- Os negocios e a ética
- Actividade empresarial e desenvolvemento sostible

Temporización

- Bloque 1 e 4 serán traballados na primeira avaliación.
- Bloque 2 e 3 na segunda avaliación
- Bloques 5 e 6 na terceira avaliación.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Serán criterios de cualificación os seguintes:

1. a asistencia, comportamento e participación activa nas clases (20%);
2. exames tipo test dos materias traballados durante as clases e entregados para traballar na casa (40%);
3. exames sobre libros de lectura ou complementarios (20%);
4. presentación e elaboración de traballos tanto individuais como en grupo (10%);
5. exposición oral de traballos e resúmenes de textos e lecturas (10%).

Serán instrumentos de avaliación seguindo estes criterios: a asistencia, comportamento e participación activa nas clases; exames tipo test dos materias traballados durante as clases e entregados para traballar na casa; exames sobre libros de lectura ou complementarios; presentación e elaboración de traballos tanto individuais como en grupo; exposición oral de traballos e resúmenes de textos e lecturas.

Entendemos que o que debemos avaliar vai en dúas direccións distintas; por unha banda, o grao de aceptación e interese do tema tratado por parte do alumnado; e por outra, as aptitudes acadadas ao longo do proceso. Para iso optamos por unha avaliación de tipo formativo dentro do proceso.

A participación na clase, a elaboración dos cuestionarios por escrito, as exposicións orais e a resposta ás preguntas a partir da lectura dos textos, serán os criterios básicos para dita avaliación.

Ademais realizarase alúmenos un exame para cada avaliación. O motivo central do exercicio será un comentario dun texto onde o alumnado deberá expresar a súa madurez intelectual nos temas traballados. Valorarase o seu esforzo por aplicar os coñecementos adquiridos na contextualización das ideas máis importantes do texto. Proponeranse un determinado número de preguntas, seleccionadas de tal xeito que o alumnado poida respondelas no tempo de duración da clase.

Para a cualificación das probas seguirase un criterio global. Terase en conta a información,

precisión e rigor na exposición, a coherencia e o nivel de profundidade acadado.

1 BACHARELATO PHILOSOPHY (CLIL), Optativa (3 horas semana)

INTRODUCCIÓN.

Tódolos materiais a usar serán citados na programación definitiva, e as actividades e novidades iranse publicando na web da materia: <http://philosophy1bach.weebly.com/>.

CONTIDOS:

O currículo oficial diferencia entre uns contidos procedementos ou transversais e os contidos propiamente ditos. Os denominados transversais inclúen a lectura de textos filosóficos, a escrita de ensaios filosóficos, o uso de internet e os recursos dixitais apropiados para a reflexión crítico filosófica. Atendendo a estes contidos transversais o proxecto de materia bilingüe que presentamos terá tres pilares esenciais que recorreran os traballos dos alumnos na materia a longo de todo o curso académico:

1) Un libro de lectura obrigatoria (S.Law, *Philosophy files*) que se traballa cada dúas sesións co lector nun período de clase. Deste traballo realizarán un test durante cada avaliación a través da páxina moodle do instituto.

2) Cada trimestre os alumnos terán que presentar ao menos dous ensaios a través da aula virtual na modalidade de taller xestionado por *moodle* (pódense ver exemplos dos talleres levados a cabo este curso 2014-15: <http://www.edu.xunta.es/centros/iescamposanalberto/aulavirtual/course/view.php?id=85>). Previamente se traballa con vídeos e diversos materiais sobre a especificidade de escribir ensaio filosófico a través da seguinte páxina web: <http://writingphilos.weebly.com/>

3) Traballarase principalmente a través de proxectos de investigación nos que se presentara unha investigación relacionada coa temática traballada en cada momento (pódense ver exemplos nesta páxina web: <http://philosophy1bach.weebly.com/>.)

En canto os contidos propiamente ditos o proxecto de currículo divide en cinco bloques de contidos: un introdutorio sobre o saber filosófico e catro máis, o coñecemento, a realidade, o ser humano dende a filosofía e a racionalidade práctica. Para organizar o noso programa nas aulas CLIL abordaremos os cinco temas agrupados en preguntas filosóficas. Como inicio e como final, incluíndo ensaios a escribir polo alumnado, unha pregunta sobre o saber filosófico e logo un conxunto de preguntas que reordenan os diferentes apartados incluídos nos bloques polo currículo. Cada tema ou pregunta levará aparellado un ensaio por parte de cada alumno e un traballo de investigación a realizar en grupo dentro das actividades na aula.

1. What is philosophy? An introduction to philosophical wisdom and knowledge.
2. What are we human beings? Anthropology
3. What is knowledge? Epistemology
4. What is reality? Is this real? Ontology
5. What is the origin of right and wrong? Ethics and morality
6. What is beauty? Aesthetics
7. Is this democracy just? Social or political philosophy.
8. What is philosophy?

2º BACHARELATO: TRONCAL OPTATIVA HISTORIA DA FILOSOFÍA (4 HORAS SEMANA)

Libro recomendado: editorial Xerais. Materias da materia na aula virtual do instituto.

CONTIDOS E TEMPORIZACIÓN

BLOQUE 1: IDADE ANTIGA E IDADE MEDIA (1 Trimestre)

Unidade 1: Introducción á filosofía antiga e medieval

O nacemento da filosofía en Grecia
Os grandes sistemas da filosofía grega e romana
Cristianismo e filosofía

Unidade 2: Platón

A metafísica dualista
O coñecemento e a realidade
O ser humano: ética e educación
A política

Unidade 3: Aristóteles

A lóxica
Os principios do coñecer
A metafísica
Física e psicoloxía
Ética e política

Unidade 4: Agostiño de Hipona

Crer para comprender
O descubrimento da verdade
O mal, o ser humano e a historia

Unidade 5: Tomé de Aquino

Fe e razón
Metafísica e teoría do coñecemento
Psicoloxía, ética e política

Unidade 6: Guillaume de Ockham

O horizonte dun pensamento novo
Coñecemento e linguaxe
Psicoloxía, ética e política

BLOQUE 2: IDADE MODERNA (2 Trimestre)

Unidade 7: Introducción á filosofía moderna

Renacemento e Modernidade

O racionalismo
O empirismo
A Ilustración
Unidade 8: Maquiavelo
O Renacemento: contexto histórico
A nova ciencia política
República e virtude: a política de Maquiavelo

Unidade 9: Descartes

O nacemento do racionalismo
A dúbida metódica e o cogito
O ser humano, a liberdade e a moral

Unidade 10: Locke e Hume

O empirismo de Locke
Fenomenismo e escepticismo en Hume
A moral e a política en Locke e en Hume

Unidade 11: Rousseau

Rousseau e a Ilustración francesa
A crítica de Rousseau á civilización
O proxecto social e político de Rousseau

Unidade 12: Kant

O xiro copernicano kantiano
A teoría do coñecemento: que podo saber?
Filosofía práctica: a ética formal de Kant

A filosofía da relixión e da historia

BLOQUE 3: IDADE CONTEMPORÁNEA (3 Trimestre)

Unidade 13: Introducción á filosofía contemporánea

A filosofía no século XIX
A filosofía no século XX

Últimas tendencias

Unidade 14: Marx

A novidade filosófica do marxismo
A estrutura material da sociedade
A alienación e as súas clases
Historia e revolución

Unidade 15: Nietzsche

O nihilismo
A crítica á cultura occidental
A razón, o coñecemento e a verdade
O superhome e o eterno retorno

Unidade 16: Ortega e a filosofía española

Entre política e filosofía
Vida e cultura: o tema do noso tempo
«Eu son eu e a miña circunstancia»
O criticismo antirracionalista de Unamuno

María Zambrano: filosofía e poesía

Unidade 17: Habermas

A desconexión tradicional entre teoría e praxe
Os intereses do coñecemento
A sociedade ideal da comunicación

Unidade 18: A posmodernidade

O debate entre Modernidade e posmodernidade
Derrida: a deconstrución da metafísica
Vattimo: un pensamento máis alá da metafísica

DIDÁCTICA E CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

A proposta didáctica de Historia da Filosofía elaborouse de acordo cos criterios metodolóxicos seguintes:

- Adaptación ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.
- Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización
- Motivación: procurar espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- Integración e interdisciplinariedade: presentar os contidos cunha estrutura clara, formulando as interrelacións entre os contidos de Historia da Filosofía e os doutras disciplinas doutras áreas.
- Rigor e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas. Máis concretamente, estes criterios deben ter en conta os criterios de avaliación transversais a todo o temario de Historia da Filosofía de 2.º de Bacharelato, que son os seguintes:

1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis relevantes da Historia da Filosofía e ser capaz de transferir os coñecementos a outros autores ou problemas.

2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes.

3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos.

4. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación na realización e exposición dos traballos de investigación filosófica.

Serán criterios de cualificación seguindo estes criterios: a asistencia, comportamento e participación activa nas clases (20%); exames tipo test dos materias traballados durante as clases e entregados para traballar na casa (40%); exames sobre libros de lectura ou complementarios (20%); presentación e elaboración de traballos tanto individuais como en grupo (10%); exposición oral de traballos e resúmenes de textos e lecturas (10%)

Mínimos exigibles.

En función da programación presentada considéranse mínimos para a materia Conceptuais.

- Lectura comprensiva dos libros de lectura.
- Realización de comentarios de textos de Historia da filosofía.
- Relación cos problemas da actualidade de tódolos plantexamentos o longo da Historia da Filosofía.
- Os problemas filosóficos na historia da filosofía e da ciencia occidentais.
- Relacionar e contextualizar cada filósofo e a súa filosofía coa problemática social e a situación cultural do seu tempo.
- O paso do mito o logos na filosofía presocrática
- O xiro antropológico dos sofistas e Sócrates.
- O problema da physis e do nomos na Grecia Clásica
- A filosofía idealista de Platón: o mito da caverna, o símil da liña, a simetría entre os seus plantexamentos políticos, antropológicos, epistemolóxicos e éticos.
- A filosofía de Aristóteles: política, ética, epistemoloxía e antropoloxía.
- A problemática do Helenismo: Epicuro, Marco Aurelio.
- O feudalismo medieval e a asimilación cristiá dos contidos filosóficos greco latinos.
- O problema teolóxico filosófico da Patrística: a filosofía de Agustín de Hipona.
- O problema dos universais o longo da filosofía medieval.
- O problema filosófico da Escolástica.

- A filosofía de Tomás de Aquino: política, epistemoloxía, demostración da existencia de deus, ética e antropoloxía.
- A filosofía nominalista de Guillermo de Occam: epistemoloxía, voluntarismo teolóxico, ética, política e antropoloxía.
- O racionalismo e o empirismo como movementos filosóficos iniciados no renacemento.
- A revolución científica: Galileo, Copérnico, Kepler, e Newton.
- A filosofía racionalista de Descartes: o método cartesiano, a seu dualismo antropológico, a súa epistemoloxía, a súa moral provisional, a súa ética e a súa división dos saberes.
- A filosofía empirista de Locke: epistemoloxía, teoría política, antropoloxía e ética.
- A filosofía empirista de Hume: epistemoloxía (problema da causalidade) e a súa ética.
- O problema do contrato social: Hobbes fronte a Locke e Rousseau.
- A Ilustración como movemento cultural, social e filosófico: A enciclopedia, Diderot...
- A filosofía teórica de Kant: a metafísica como problema e a *Crítica da Razón pura*.
- A filosofía práctica de Kant: a ética formal o imperativo categórico e a *Crítica da Razón práctica*.
- A filosofía kantiana como idealismo trascendental.
- O idealismo alemán do Século XIX: Fichte, Schelling e Hegel.
- A filosofía do Hegel: dialéctica do amo e do escavo e plantexamentos da *Fenomenoloxía*

do Espírito.

- O contexto social e político do século XIX.
- Reaccións filosóficas fronte o idealismo hegeliano: Hegelianos de esquerda e de dereita.
- A filosofía de Marx: reacción fronte o idealismo, materialismo dialéctico, materialismo histórico, propostas e análise marxista da sociedade do século XIX.
- O vitalismo no século XIX.
- O positivismo de Comte.
- O Historicismo no século XIX.
- A filosofía de Nietzsche: vontade de poder, crítica a cultura occidental, crítica a ciencia, a moral e a relixión católica; eterno retorno do mesmo, superhome, a morte de deus; perspectivismo.
- A filosofía do século XX: plantexamento xeral e diferencias claves entre as distintas escolas: fenomenoloxía, filosofía da linguaxe, estruturalismo, marxismos, existencialismo e postmodernidade.
- A filosofía de Habermas: teoría crítica da escola de Frankfurt, Hockheimer, Adorno e Marcuse como antecedentes do seu pensamento; teoría crítica / neopositivismo; Teoría da acción comunicativa.
- A filosofía de Ortega e Gasset: raciovitalismo e perspectivismo.
- A filosofía de Heidegger e Sarte: o existencialismo como reacción ante as dúas guerras mundiais.
- A filosofía estruturalista.
- O neopositivismo e o círculo de Viena: os dous Wittgenstein.
- A postmodernidade e os plantexamentos filosóficos

contemporáneos.

Procedimientos

- Superar os exames programados o longo do curso
- Presentación dos traballos programados durante o curso.
- Asistencia e participación nas clases.
- Identificación dos problemas filosóficos no seu contexto histórico, análise e posibles solucións de forma argumentada.
- Comentario de texto. Comprensión e análise de textos filosóficos: identificación da problemática, definición dos termos principais, e relación coa problemática filosófica actual.
- Elaboración de análises de problemas filosóficos

reflexionando criticamente sobre a propia postura e os seus condicionantes.

- Participación en discusións, debates e traballos de grupo.
 - Recollida de información sobre cuestións filosóficas, valoración da información e elaboración de informes a partir dela.
 - Presentación e ortografía correctas
 - Citar correctamente de libros e textos.
 - Ausencia de faltas de ortografía.
- Actitudinales
- Respecto a tódalas persoas precisamente por selo.

- Reflexión filosófica previa á toma de decisións.

- Respecto ós procesos de aprendizaxe e expresión de todos, especialmente dos compañeiros/as de clase.
- Rechazo razoado e crítico de todo comportamento violento e de toda mostra de intolerancia.
- Asunción da propia responsabilidade.
- Manifestar interese por desenrolar as capacidades con autonomía e creatividade.
- Madurez expresiva escrita e oral.
- Respecto ás posturas filosóficas diversas, especialmente dos compañeiros de clase

PSICOLOGÍA. 2 BACHARELATO. Optativa (3 horas semanas).

Non se usa libro de texto, se recomenda o libro de Xerais, ou calquer outro en Galego como referencia.

CONTIDOS E TEMPORIZACIÓN.

Bloque 1. A psicoloxía como ciencia. 1 TRIMESTRE

Bloque 2. Fundamentos biolóxicos da conduta. 1 TRIMESTRE.

Bloque 3. Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria. 2 TRIMESTRE

Bloque 4. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento. 2 TRIMESTRE

Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade. 3 TRIMESTRE

Bloque 6. Psicoloxía social e das organización. 3 TRIMESTRE

Criteria e procedementos de avaliación.

Serán criterios de cualificación os seguintes:

1. a asistencia, comportamento e participación activa nas clases (20%);
2. exames tipo test dos materias traballados durante as clases e entregados para traballar na casa (40%);
3. exames sobre libros de lectura ou complementarios (20%);
4. presentación e elaboración de traballos tanto individuais como en grupo (10%) ;
5. exposición oral de traballos e resúmenes de textos e lecturas (10%).

Serán instrumentos de avaliación seguindo estes criterios: a asistencia, comportamento e participación activa nas clases; exames tipo test dos materias traballados durante as clases e entregados para traballar na casa; exames sobre libros de lectura ou complementarios; presentación e elaboración de traballos tanto individuais como en grupo; exposición oral de traballos e resúmenes de textos e lecturas.

Entendemos que o que debemos avaliar vai en dúas direccións distintas; por unha banda, o grao de aceptación e interese do tema tratado por parte do alumnado; e por outra, as aptitudes acadadas ao longo do proceso. Para iso optamos por unha avaliación de tipo formativo dentro do proceso.

A participación na clase, a elaboración dos cuestionarios por escrito, as exposicións orais e a resposta ás preguntas a partir da lectura dos textos, serán os criterios básicos para dita avaliación.

Ademais realizarase alúmenos un exame para cada avaliación. O motivo central do exercicio será un comentario dun texto onde o alumnado deberá expresar a súa madurez intelectual nos temas traballados. Valorarase o seu esforzo por aplicar os coñecementos adquiridos na contextualización das ideas máis importantes do texto. Propoñeranse un determinado número de preguntas,

seleccionadas de tal xeito que o alumnado poida respondelas no tempo de duración da clase.

Para a cualificación das probas seguirase un criterio global. Terase en conta a información, precisión e rigor na exposición, a coherencia e o nivel de profundidade acadado.

MINIMOS EXIXIBLES.

Aprobar cun 50 % os exames de cada avaliación. Asistencia a clase sen perder o dereito de avaliación de acordo coas normas do instituto.

PSYCHOLOGY. CLIL. OPTATIVA 2 DE BACH.

Reproducimos aquí a proposta que foi aceptada pola conselleira de educación para esta materia, impartida por segundo ano en modalidade CLIL. Con esta materia ofertamos unha opción para que o alumnado poda cursar ao menos unha materia bilingüe en cada curso da educación secundaria.

XUSTIFICACIÓN

Tódolos materiais a usar, coa programación definitiva, e as actividades e novidades iranse publicando na web da materia: <http://philoalberto.weebly.com/> e en <http://psychoalb.weebly.com/> Como en tódalas materias bilingües centraremos o traballo na implicación activa do alumnado, na mellora do seu inglés e das habilidades na escrita e presentacións orais, con especial atención na investigación nesta materia de psicoloxía.

PS2 COMPETENCIAS.

Competencia en comunicación lingüística. Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía Competencia dixital. Competencia para Aprender a aprender. Competencia da iniciativa y Conciencia e expresións culturais Competencias sociais y cívicas

PS2 OBXECTIVOS

Ademais do normal desenvolvemento dos obxectivos propios de cada etapa segundo a lexislación e das materias propias da filosofía en cada curso se buscara fomentar o uso da lingua inglesa como instrumento de comunicación: escrita, lectura, fala e escoita:

- Activamente orientar o proceso educativo ao / as estudantes e o seu propio proceso de aprendizaxe;
- Os traballos sobre o desenvolvemento de habilidades e competencias / estudantes;
- Crear un ambiente propicio para a aprendizaxe seguro e motivador, nun ambiente que valora as contribucións dos alumnos;
- Asegurar o desenvolvemento cognitivo e lingüístico dos alumnos, creando un alto grao de interdependencia entre a lingua obxecto de aprendizaxe e cognición, é dicir, promover o pensamento crítico na lingua meta;
- Ofrecer todo o equipamento necesario para a aprendizaxe de estadas contido, xunto con andamiage lingüística;
- Ver a linguaxe académica axeitada ao asunto que se ensina;

- Promover a aprendizaxe significativa, promovendo a construción de novos coñecementos a partir dos coñecementos, habilidades, intereses e experiencias que / as alumnos xa posúen;
- E fomentar a participación activa da cooperativa / as alumnos no proceso de ensino e aprendizaxe, dando maior destaque no discurso producido na clase;
- Colabora o desenvolvemento da autonomía, a autorregulación ea responsabilidade do / as alumnos, promovendo a reflexión sobre o propio proceso de aprendizaxe.

PS2 CONTIDO

Lingüísticos: Coordinados co Departamento de inglés nas aulas CLIL para traballaremos os contidos lingüísticos propios da etapa e o curso. Desenvolverase completamente na programación en setembro do 2016. Non Lingüísticos: Os contidos organizaranse nos seguintes temas a ser desenvolvidos polo miúdo na programación en galego neste mesmo documento.

1. What is psychology? Psychology as the science of behavior.
2. Biological origins of human behavior.
3. Human cognition: perception, attention and memory.
4. Intelligence, learning skills and thought as cognitive elements.
5. Human personality, feelings and motivation.
6. Social Psychology.

PS2 METODOLOXÍA

A excelencia e a calidade son as guías dunha boa práctica CLIL. A ensinanza en aulas CLIL require traballar os contidos filosóficos no noso caso ao mesmo tempo que os propios da lingua inglesa. A nosa metodoloxía, especificada polo miúdo anualmente na programación do departamento, se baseará en dos pilares. Por un lado unha atención integral permanente do desenvolvemento do alumno no uso da lingua inglesa, con dúas bases:

- 1) O avaliación individual das habilidades orais, escritas e de escoita de cada alumno.
- 2) Unha atención personalizada do progreso

no uso da lingua inglesa de cada alumno ao longo do curso en coordinación co departamento de inglés.

Por outro lado, o traballo na aula asentárase sobre os seguintes pilares:

- 1) O traballo na aula centrarase no alumno;
- 2) Fomentarse en todo momento un trabalo cooperativo por proxectos;
- 3) O pensamento crítico e respectuoso.

PS2 ATENCIÓN DIVERSIDADE

Avaliación previa e individualizada de cada alumno. Plan de traballo e calendario de traballo específico para cada alumno. Seguimento e adaptación ao seu proceso de ensino aprendizaxe. Coordinación co equipo de orientación.

A Lei remarca a especial atención que, dentro da escolaridade obrigatoria, han de ter as medidas de atención á diversidade para, por medio da prevención das dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica dos apoios e reforzos oportunos en tempo e forma, lograr o marco dunha escola inclusiva que acuda, segundo sexa necesario, ás medidas organizativas e /ou curriculares precisas para asegurar o principio de equidade, sen prexuízo de garantir unha educación de calidade para todo o alumnado. Desta maneira, a atención a diversidade deixa de ser unha medida que responde ás necesidades dunha parte do alumnado para pasar a ser unha necesidade de todo o alumnado e de todas as etapas educativas, converténdose por tanto no principio rétor desta actividade.

PS2 AVALIACIÓN

A avaliación do proxecto será continua ao longo do curso, como se ven realizando nos anos anteriores a través das seguintes vías cun seguimento individualizado de cada alumno, tanto dos contidos como lingüístico:

- Na coordinación das seccións bilingües existentes no instituto;
- Nas reunións

- periódicas do departamento de filosofía para axustar as necesarias modificacións da programación e do proxecto presentado;
- Coa orientación e titorías de cada curso e etapa;
 - Ao final de curso se presentará a memoria oficial na

consellería. O éxito de cada curso será medible no só nos resultados senón na matrícula do curso seguinte;

- Os alumnos serán orientados a presentarse a probas externas do idioma inglés ao final de cada etapa educativa.

Farase ademais unha avaliación inicial

do nivel de inglés de cada alumno segundo o marco europeo, ao redor da semana santa e ao final do curso.

PS2 OBSERVACIÓNS

Tódolos materiais a usar, coa programación definitiva, e as actividades e novidades iranase publicando na web da materia:

<http://philoalberto.weebly.com>

[m](#) / e en

<http://psychoalb.weebly.com/>

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

O Departamento de Filosofía ten previsto no curso 2017-2018 realizalas seguintes actividades complementarias. ***O cal no exclúe a posibilidade de desenvolver actividades complementarias non programadas en funcións das necesidades e o proceso de auto avaliación e avaliación continua de cada curso, nivel e clase.***

Materia / Nivel	Trimestre / Data	Actividade
1-4 ESO Valores Éticos	Todo o curso Durante o curso	Charlas e conferencias Saídas cos alumnos a actividades teatrais a Noia, Santiago, Vigo, Pontevedra ou Coruña Visitas a museo do pobo galego, parlamento. Taller de audiovisual Excursión a un país de fala inglesa ou onde os alumnos podan practicar esta lingua
Filosofía 1º Bacharelato	Durante o curso	Visita a produtoras en Santiago e/o Madrid Visita ao Parlamento (Santiago), Museo do Pobo galego e Museo de Arte contemporáneo Visita ao Domus en Coruña, planetario e outros museos. Exposicións arte (Santiago) Charlas e conferencias Almorzo con café no instituto. Visita e pleno do concello de Noia. Visita ao Cárcere de Monterroso, Lamas . Vista aos Xulgados de Noia. Visita a un Centro de Atención Psiquiátrica (Noia, Coruña, Vigo ou Santiago de Compostela) Visita ao Parlamento de Galicia Visitas ao Parlamento, Senado, Tribunal Constitucional e Tribunal Superior de Xustiza en Madrid Charlas e conferencias Participación nas actividades organizadas por outros departamentos ou polo centro Viaxe e visita a Atapueta. Excursión e intercambio académico Canadá Visita a Parlamento Europeo Excursión a un país de fala inglesa ou onde os alumnos podan practicar esta lingua
2º Bacharelato	Todo o curso	Charlas e conferencias Participación na semana da Solidariedade Almorzo con café no instituto. Charlas preparación selectivo.
Sección Bilingüe 1-4 ESO 1º e 2º Bacharelato		Intercambio con escolas e institutos europeos ou americanos de fala inglesa <i>ou coa lingua inglesa como lingua de intercambio</i> Excursión a un país de fala inglesa ou onde os alumnos podan practicar esta lingua. Londres , Irlanda, Escocia

Ademais das actividades mencionadas expresamente o departamento **organizará tódalas**

actividades que considere oportunas e axeitadas para o desenvolvemento completo dos obxectivos sinalados nesta programación, en función dos acontecementos e necesidades detectadas na avaliación *permanente* que fagamos das nosas actividades.

FOLLA DE FIRMAS

Asdo: Clemente Calabuig López
Xefe de Departamento

Asdo:

Rebeca Baceiredo Pérez

Asdo:

Noia , a 5 outubro do 2018.